



Teaching Guide				
Identifying Data				2015/16
Subject (*)	Urbanística 4	Code	630G01032	
Study programme	Grao en Arquitectura			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Fourth	Obligatoria	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo			
Coordinador	Vazquez Mosquera, Jose Manuel	E-mail	jose.vmosquera@udc.es	
Lecturers	Borobio Sanchiz, Manuel Díaz Revilla, Alfonso García Fontán, Cristina Llamazares Castro, Jesus Rodríguez Alvarez, Jorge Vazquez Mosquera, Jose Manuel	E-mail	manuel.borobio@udc.es a.diaz.revilla@udc.es cristina.garcia.fontan@udc.es j.llamazares@udc.es jorge.ralvarez@udc.es jose.vmosquera@udc.es	
Web				
General description	<p>A materia é un achegamento á comprensión do espazo construído polo home e da forma coma expresión da súa organización reflexionando sobre as causas que as xeran.</p> <p>Presupón a importancia do análise, desenvolvendo aproximacións a unha metodoloxía do seu estudo, inculcando a esixencia do rigor e da busca de creatividade o longo deste proceso. A expresión gráfica, o dibuxo, coma forma de coñecemento, de expresión e coma intento de romper ca dicotomía entre clases teóricas e prácticas.</p> <p>No estudo da forma do territorio, incídese na comprensión da súa dinámica a través do análise das súas transformacións entendendo a construción do espazo coma un proceso.</p> <p>O enfoque é a partir do espazo do home de hoxe. Dunha aproximación á comprensión da paisaxe actual. Dende o presente da cidade de hoxe, dos procesos de construción do territorio actual e das súas respostas ca arquitectura, dende onde procedemos á reflexión sobre os cambios que se producen, valorando o seu pasado inmediato.</p> <p>Desenvólvense clases sobre o coñecemento do soporte territorial e as discusións que sobre a cidade se produciron a partir do Movemento Moderno e que foron claves na comprensión teórica da cidade, do espazo construído polo home, buscando o que de común ten o discurso da paisaxe actual co da arquitectura de hoxe.</p>			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	PROXECTO BÁSICO ARQUITECTÓNICO E URBANO: aptitude ou capacidade para aplicar os principios básicos formais, funcionais e técnicos á concepción e deseño de edificios e de conxuntos urbanos, definindo as súas características xerais e as prestacións que se acadan.
A2	PROXECTOS DE EXECUCIÓN: aptitude ou capacidade para elaborar proxectos integrais de execución de edificios e espazos urbanos en grao de definición suficiente para a súa completa posta en obra e equipamento de servizos e instalacións.
A3	DIRECCIÓN DE OBRAS: aptitude ou capacidade para dirixir obras de edificación e urbanización desenvolvendo proxectos, replanteando no terreo, aplicando os procedementos de construción adecuados e coordinando oficios e industrias.
A4	PROGRAMACIÓN FUNCIONAL: aptitude ou capacidade para elaborar programas de edificios, considerando os requisitos de clientes e usuarios, analizando os precedentes e as condicións de localización aplicando estándares e establecendo dimensións e relacións de espazos e equipos.
A5	INTERVENCIÓN NO PATRIMONIO EDIFICADO: aptitude ou capacidade para intervir nos edificios de valor histórico, coordinar estudos históricos e arqueolóxicos sobre eles, elaborar os seus plans directores de conservación e redactar e executar os proxectos de restauración e rehabilitación.
A7	SUPRESIÓN DE BARREIRAS: aptitude ou capacidade para deseñar e executar edificios e espazos urbanos aptos para as persoas con diferentes capacidades físicas ou para adaptar con este fin os xa existentes.



A9	CRÍTICA ARQUITECTÓNICA: aptitude ou capacidade para analizar morfolóxica e tipoloxicamente a arquitectura e a cidade e para explicar os precedentes formais e programáticos das solucións proxectuais.
A12	PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO AMBIENTAL: aptitude ou capacidade para concibir, deseñar, calcular, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar solucións de acondicionamento ambiental, incluíndo o illamento térmico e acústico, o control climático, o rendemento enerxético e a iluminación natural, así como para asesorar tecnicamente sobre estes aspectos.
A19	ADECUACIÓN MEDIOAMBIENTAL: aptitude ou capacidade para realizar estudos medioambientais e paisaxísticos, e definir medidas de protección fronte ao impacto ambiental.
A20	PROXECTO DE ESPAZOS LIBRES: aptitude ou capacidade para redactar e executar trazados urbanos e proxectos de urbanización e de xardinería, así como os de obra civil e complementaria asociada a eles.
A25	PROXECTO DE SEGURIDADE EN INMOBLES: aptitude ou capacidade para concibir, deseñar, calcular, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar solucións de seguridade, de evacuación de persoas e de protección contra incendios, tanto activas como pasivas, así como para asesorar tecnicamente sobre estes aspectos.
A29	ANÁLISE TÉCNICO DE PROXECTOS: aptitude ou capacidade para elaborar estudos de viabilidade e exercer a supervisión, control e coordinación de proxectos integrados de edificación e de conxuntos e espazos urbanos.
A30	XESTIÓN DE NORMAS URBANÍSTICAS: aptitude ou capacidade para aplicar as normas urbanísticas e xestionar a obtención de licenzas nos proxectos integrados e na execución, tanto de obras de edificación como de espazos urbanos.
A34	FUNCIÓNS PRÁCTICAS E SIMBÓLICAS: comprensión ou coñecemento dos métodos de estudo dos procesos de simbolización da ergonómia e das relacións entre o comportamento humano, o entorno natural ou artificial e os obxectos, de acordo cos requirimentos e a escala humanos.
A35	SOCIOLOXÍA RESIDENCIAL: comprensión ou coñecemento dos métodos de estudo das necesidades e demandas sociais, dos compoñentes da calidade de vida, das condicións de habitabilidade e dos programas básicos de vivenda.
A36	SOCIOLOXÍA CULTURAL: comprensión ou coñecemento das implicacións que nas funcións e responsabilidades sociais do arquitecto ten as necesidades, valores, normas de conduta e de organización e patróns espaciais e simbólicos determinados pola pertenza a unha cultura.
A42	TEORÍA XERAL DA ARQUITECTURA: comprensión ou coñecemento das teorías da arquitectura pasadas e presentes, especialmente as relativas á interdependencia de formas, usos e técnicas, á estrutura formal, ao estudo dos tipos e aos métodos de composición de edificios e espazos abertos.
A43	HISTORIA XERAL DA ARQUITECTURA: comprensión ou coñecemento da historia xeral da arquitectura, tanto en si mesma como na súa relación coas artes, as técnicas, as ciencias humanas, a historia do pensamento e os fenómenos urbanos.
A47	ECOLOXÍA E SOSTENIBILIDADE: comprensión ou coñecemento da responsabilidade do arquitecto respecto aos principios básicos de ecoloxía, de sustentabilidade e de conservación dos recursos e do medio ambiente na edificación, o urbanismo e a paisaxe.
A48	SOCIOLOXÍA E HISTORIA URBANAS: comprensión ou coñecemento das relacións entre o medio físico e o medio social e as bases da teoría e a historia dos asentamentos humanos, da socioloxía, da economía urbana e da estadística como fundamentos dos estudos territoriais e urbanísticos.
A49	CIENCIAS DO MEDIO FÍSICO: comprensión ou coñecemento das bases de climatoloxía, xeomorfoloxía, xeoloxía, hidroloxía e edafoloxía precisas para abordar os estudos territoriais, urbanísticos e paisaxísticos.
A50	MORFOLOXÍA E REPRESENTACIÓN DO TERREO: comprensión ou coñecemento das bases de topografía, hipsometría e cartografía e das técnicas de modificación do terreo precisas para realizar estudos e proxectos de carácter territorial, urbanístico e paisaxístico e para practicar deslindes e parcelacións.
A51	BASES DE XARDINERÍA: comprensión ou coñecemento das bases de botánica, horticoltura, floricultura e silvicultura e as técnicas de hidráulica precisas para realizar estudos e proxectos de xardín, de paisaxe e de urbanización.
A52	MÉTODOS URBANÍSTICOS: comprensión ou coñecemento dos fundamentos metodolóxicos do planeamento urbano a diferentes escalas e da ordenación territorial e metropolitana, na súa relación co deseño urbano e edificatorio.
B1	Learn how to learn
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.



B8	Visión espacial.
B9	Creatividade.
B10	Sensibilidade estética.
B11	Capacidade de análise e síntese.
B12	Toma de decisións.
B14	Habilidade gráfica xeral.
B18	Razoamento crítico.
B19	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Traballo en colaboración con responsabilidades compartidas.
B23	Capacidade de xestión da información.
B24	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
Competencias específicas	A1		
	A2		
	A3		
	A4		
	A5		
	A7		
	A9		
	A12		
	A19		
	A20		
	A25		
	A29		
	A30		
	A34		
	A35		
	A36		
	A42		
	A43		
	A47		
	A48		
	A49		
	A50		
	A51		
	A52		



Workshop	A1 A2 A3 A4 A12 A19 A25 A34 A50 B5 B12 B14 B19 B22 B23 B24	30	30	60
Workshop	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A19 A20 A25 A34 A35 B19 B22 C1	30	29	59
Personalized attention		1	0	1
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	SESIÓNS TEÓRICAS
Workshop	PRÁCTICA DE ANÁLISE URBANA
Workshop	PRÁCTICA DE ANÁLISE TERRITORIAL

Personalized attention	
Methodologies	Description
Workshop Workshop	Os profesores da materia seguirán os obradoiros, facilitando a comprensión da materia e a elaboración dos distintos traballos propostos que se realizarán en grupos de 3 membros. Nos talleres recíbese atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolverse, a través do profesor do grupo ao que fose asignado. No Taller, ademais, terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Workshop	A1 A2 A3 A4 A12 A19 A25 A34 A50 B5 B12 B14 B19 B22 B23 B24	Partindo do presente, discutir sobre a cidade actual, sobre a súa construción coma proceso contínuo de transformación e das súas respostas ca arquitectura. Unha reflexión sobre os cambios que se producen e con referencias ao pasado inmediato e a súa valoración. Avalíanse os resultados a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo e a evolución das equipas deberán aparecer reflectidos na documentación final	25
Guest lecture / keynote speech	A9 A20 A29 A30 A36 A42 A43 A47 A48 A49 A51 A52 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B18 B20 C1 C6 C8	Contidos teóricos que explican a materia e propoñen unha reflexión sobre o proceso de construción territorial, e que ademais contribue a formar unha base teórica e un espírito crítico para o desenvolvemento da parte práctica dos obradoiros. Os coñecementos adquiridos serán avaliados mediante unha proba individual obxectiva. Tamén se valorará a participación na clase mediante opinións/escritos/reflexións que xurdan ao longo do desenvolvemento da materia.(ata un 10%) Será obrigatorio para superar a materia ter aprobada esta proba individual	50



Workshop	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A19 A20 A25 A34 A35 B19 B22 C1	Achegamento á comprensión do espazo do home de hoxe, á comprensión da paisaxe actual. O debuxo coma método de análise e de esixencia do rigor necesario no proceso racional de comprensión das formas territoriais que expresan o uso do territorio. Avaliáanse os resultados a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo e a evolución das equipas deberán aparecer reflectidos na documentación final	25
----------	--	---	----

Assessment comments

Para poder superar a materia será necesario cumprir os seguintes

requisitos:

1º Entregar e aprobar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados na materia.

2º Asistir regularmente as clases, obradoiros e ao Taller. Esixirase unha asistencia mínima do 80%

Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

1º Non cumpla a asistencia esixida ás clases teóricas, prácticas e ao Taller.

2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requerida en prácticas e en tódalas asignaturas que compoñen o Taller.

3º Non asista á proba obxectiva.

Para presentarse á 2ª oportunidade no suposto de non ter superados os Obradoiros será obrigatorio a presentación da complementación dos mesmos nas condicións que estableza o profesor á vista do traballo realizado no curso.

De acordo co establecido na memoria do Título de Grao de

Arquitecto, convocarase unha Xunta de Avaliación do taller, que analizará os resultados globales do mesmo e dirimirá, no seu caso, sobre as situacións especiais de avaliación do alumnado.

Os alumnos que non superen nas dúas oportunidades de cada convocatoria a materia de Proxectos 7 deberán cursar o taller o ano seguinte.

Neste caso, os alumnos, además de Proxectos 7, desenrolarán os traballos das materias que non houberan superado no taller do ano anterior.

Aqueles alumnos que, superada a materia de Proxectos

7, non superaran algunha das outras materias do taller, terán que presentar, en consecutivas convocatorias, de novo e coas correccións oportunas, os traballos propostos no taller no que participaron

Sources of information

Basic

- Amos H Hawley (). Ecología humana. Tecnos
- Pierre George (). Compendio de geografía rural.
- Emery Jones (). Alquerías y poblados.
- Patrick Geddes (). Ciudades en evolución.
- Leonardo Benevolo (). La proyectación de la ciudad moderna. GG
- Movemento Moderno (). Principios de urbanismo_la carta de Atenas.
- Keving Lynch (). La imagen de la ciudad. GG
- Aldo Rossi (). La arquitectura de la ciudad. GG
- Henry Lefebvre (). la revolución urbana.
- M. de Solá-Morales (). Formas estructurales de crecimiento urbano.
- Carsten Juel-Christiansen (). Monumento e Nicho. DRU4
- M. de Solá-Morales (). De cosas urbanas. GG



Complementary	<ul style="list-style-type: none">- John Berger (). Sobre el dibujo. GG- Jane Jacobs (). Muerte y vida de las grandes ciudades. Capitan Swing libros- Rem Koolhaas (). Delirios de Nueva York. GG- Manuel Castells (). La cuestión urbana. Siglo XXI editores- Manuel Leguineche (). La felicidad de la tierra. Alfaguara- Jaime Izquierdo Vallina (). La casa de mi padre. KRK ediciones
----------------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Urbanística 2/630G01024

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Proxectos 7/630G01031

Subjects that continue the syllabus

Ordenación do Territorio/630G01057

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.